

Plaza número: 21/15028 Número de plazas: 1

Categoría: Ayudante Doctor/a

Dedicación: Tiempo Completo

Área de conocimiento: Filología Inglesa

Departamento: Letras

Docencia: 662G01006 Idioma Moderno: Inglés

662G01015 Primero Idioma Moderno I: Inglés

662G01045 Inglés en el Entorno Profesional

Centro: Facultad de Turismo

Vista la propuesta formulada por la Comisión encargada de juzgar el concurso para la provisión de la plaza arriba indicada,

Visto el acuerdo adoptado por la Comisión de Reclamaciones en su reunión del 15 de febrero de 2022, en el que ratifica la propuesta de la Comisión de Selección,

Este Rectorado, en uso de las facultades que le confiere el art. 36 de los Estatutos de la Universidad de A Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de mayo (DOG do 26), y en aplicación de lo dispuesto en el apartado 10 de la Normativa por la que se regula el procedimiento para la selección de personal docente e investigador interino y laboral contratado, que se aprueba por acuerdo del Consello de Goberno del 30 de abril de 2014, resuelve asignar la referida plaza al concursante **D./D^a. ANA MONTOYA REYES**.

Contra la presente Resolución, que agota la vía administrativa, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que se contarán desde el día siguiente al de su notificación o publicación, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, do 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Previamente, y con carácter potestativo, se podrá interponer un recurso de reposición ante este Rectorado, en el plazo de un mes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 123 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas (BOE de 2 de octubre de 2015).

A Coruña, en la fecha de la firma digital

El rector,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	5SVCcdUMcfa9SkT+IfcjqA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/02/2022 12:11:23
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5SVCcdUMcfa9SkT+IfcjqA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 15 de febreiro de 2022, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Reclamación Praza: 21/15028

Categoría: Axudante doutor/a

Área de Coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Docencia: 662G01006 Idioma Moderno: Inglés, 662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés, 662G01045 Inglés no Entorno Profesional

Centro: Facultade de Turismo

A Comisión de Reclamacións tras analizar o contido das reclamacións presentadas por dona **Yolanda Fernández Pena** e dona **Ana Montoya Reyes** a documentación das candidatas e os informes realizados pola comisión encargada da selección da praza de 07/02/2022 ratifican todos os puntos do antedito informe e estiman axeitada a proposta realizada pola Comisión de Selección.

Acórdase a incorporación dos informes da Comisión de Selección de 07/02/2022 á publicación da resolución do concurso.

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	xJvurEKpBqaXzWYibXl1TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	15/02/2022 15:00:16
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xJvurEKpBqaXzWYibXl1TA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Praza número: 21/15028 **Número de prazas:** 1

Categoría: Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Docencia: 662G01006 Idioma Moderno: Inglés

662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés

662G01045 Inglés no Entorno Profesional

Centro: Facultade de Turismo

INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

A Comisión xulgadora da praza **21/15028**, reunida na Coruña o día 7 de febreiro de 2022, ante a **reclamación presentada por D^a Yolanda Fernández Pena**, acorda por unanimidade emitir o seguinte informe:

1. A puntuación concedida na sección **II.1 (Cursos de mestrado universitario e doutoramento)**, é resultado de regularizar 9,76 a 8, en aplicación do indicado no punto II.1.a) do anexo I da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (Baremo e criterios de valoración para a selección do profesorado) –en adiante Normativa– na súa páxina 10, cun resultado de 7,8; dada a pertenza da titulación á área de coñecemento de Filoloxía Inglesa, foi multiplicada por 2, isto é, 15,61 puntos.

2. A puntuación acadada na sección **III.1 (Docencia universitaria oficial)** é resultado da aplicación dos criterios estabelecidos pola comisión, que fixaba un cómputo dun máximo do 50% aos méritos dentro na área de coñecemento mais non do perfil da praza, naquelas seccións en que o baremo así o permitise.

O cálculo global responde á seguinte valoración: 3 puntos (120 horas como contratada predoutoral Xunta x 0,05); 2,65 puntos (106 horas como contratada predoutoral FPU x 0,05); 9 puntos (ano e medio como axudante LOU), resultando un total de 10,15 puntos que, por un erro de transcripción, figuran erroneamente na folla de cálculo como 9,45 e que, por tanto, deben de ser corrixidos.

As horas aducidas pola candidata como profesora conferencista na Universidade de Vigo non foron tidas en conta por tratarse de docencia non regrada, tal e como indica a documentación xustificativa (documento 10).

Das 28 horas adicionais mencionadas pola reclamante non consta xustificación documental da súa impartición, polo que non puideron ser computadas.

3. Na **sección III.2 (Dirección de traballos de fin de grao e de mestrado)** o TFG aducido (Interculturalidad en educación primaria: un estudio de caso en un centro público de Palencia), en aplicación dos criterios estabelecidos pola comisión, foi valorado co 20% da puntuación máxima, dada a non pertenza á área de Filoloxía Inglesa correspondendo, por tanto, 0,1 puntos do máximo de 0,5 establecido pola Normativa.

4. O **punto IV.1 (Contribucións de relevancia científica relacionadas coa Área presentadas en congresos, conferencias, xornadas e outros tipos de reunións)** da Normativa sinala: "Enténdese por congreso internacional aquel organizado por unha asociación internacional e en que tanto o comité científico como o cadro de conferenciantes está formado por investigadores de, polo menos, tres países". A norma establece, pois, unha interpretación restrita da condición de internacional das reunións científicas e foi este o criterio que, como non podía ser doutra forma, aplicou a comisión en todos os casos.

A diferenza entre a puntuación que a reclamante presume que lle correspondería e a outorgada pola comisión resulta da aplicación do citado criterio normativo en relación coa tipoloxía dos congresos. Desta forma, foron valoradas como comunicacións internacionais 5 (1 delas premiada) e 29 como comunicacións nacionais (unha delas premiada); e 2 pósters

Código Seguro De Verificación	k34piuQSOQcZJf+hD10yJg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez		Asinado	08/02/2022 13:57:18
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández		Asinado	08/02/2022 13:55:40
Observacións			Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k34piuQSOQcZJf+hD10yJg=			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Praza número: 21/15028
Número de prazas: 1
Categoría: Axudante Doutor/a
Dedicación: Tempo Completo
Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa
Departamento: Letras
Docencia: 662G01006 Idioma Moderno: Inglés
662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés
662G01045 Inglés no Entorno Profesional
Centro: Facultade de Turismo

internacionais. A comunicación plenaria aducida pola candidata é unha comunicación presentada nun Simposio específico para investigadores/as novos/as nun congreso nacional celebrado nun país estranxeiro (Young Scholar Symposium organizado pola Linguistic Society of Korea, documento 51), mais non por iso internacional.

Por todo o anterior, a comisión ratifícase na puntuación concedida nesta sección.

5. A Normativa da UDC no seu punto **V.1 (Contratos posdoutorais de segunda etapa)** establece que as "Bolsas-contratos posdoutorais da UDC, da Xunta de Galicia e homologables (equivalentes pola súa similar contía, duración, procesos de selección, renovación e natureza): 3 puntos por ano" e engade que "Se a duración do contrato é inferior a un ano aplicarase a parte proporcional". A comisión interpretou a norma na súa literalidade: dado que a duración do contrato foi superior a un ano, puntuou anos completos, de aí o resultado de 6 puntos. En todo caso, entendendo que a vontade da redacción podería ser ter en conta, puntuados proporcionalmente, períodos inferiores a 1 ano, decidiu atender as razóns da reclamante e fixar a puntuación en 6,31, non sen chamar a atención sobre a necesidade de desambiguar a redacción da norma.

6. O punto V.6 (**Organización de congresos e simposios**) da Normativa establece que "é imprescindible presentar un certificado emitido polo órgano competente da entidade organizadora (universidade, centro de investigación). A valoración, en caso de presentar outro tipo de documento, quedará a criterio da comisión avaliadora".

A comisión decidiu aplicar un criterio non restritivo na acreditación destes méritos –e dar todas as certificacións por válidas, independentemente da instancia emisora– mais considerou que todas as reunións eran de carácter nacional, non internacional, no sentido en que foi explicado no punto 4, de aí o resultado final de 5 puntos.

En suma, a comisión estima que procede modificar a puntuación acadada no punto III.1, pasando a ser de 10,15 puntos, por erro material anterior, e en atención ás razóns da candidata e á ambigüidade da redacción da normativa, que a puntuación da sección V.1 pode ser de 6,31 puntos. Nos restantes puntos obxecto da reclamación presentada, a Comisión ratifica as puntuacións anteriores.

A Comisión xulgadora da praza 21/15028, reunida na Coruña o día 7 de febreiro de 2022, ante a **reclamación presentada por D^a Ana Montoya Reyes**, acorda por unanimidade emitir o seguinte **informe**:

1. As **alegacións primeira a sexta** reproducen diferentes aspectos da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado* e do seu anexo I (Baremo e criterios de valoración para a selección do profesorado) e realizan diversas consideracións de carácter interpretativo por veces con notorios desvíos a respecto da letra da norma, que a comisión non pode compartir. Un dos exemplos é a indicación de que as materias son idénticas nas diferentes titulacións que se imparten na UDC, o que non se corresponde coa realidade, como explicamos no punto 3 do presente informe e pode ser comprobado coa consulta das guías docentes.
2. A respecto das consideracións realizadas pola reclamante sobre a posibilidade de a comisión establecer ponderacións en función da afinidade co perfil da praza, é de

Código Seguro De Verificación	k34piuQSOQcZJf+hD10yJg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez		Asinado	08/02/2022 13:57:18
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández		Asinado	08/02/2022 13:55:40
Observacións			Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k34piuQSOQcZJf+hD10yJg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Praza número: 21/15028
Número de prazas: 1
Categoría: Axudante Doutor/a
Dedicación: Tempo Completo
Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa
Departamento: Letras
Docencia: 662G01006 Idioma Moderno: Inglés
662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés
662G01045 Inglés no Entorno Profesional
Centro: Facultade de Turismo

sinalar como a propia concursante recoñece que a *Normativa* establece no seu artigo 7.5: "Con carácter xeral a comisión poderá avaliar os diferentes apartados do baremo atendendo á adecuación dos méritos dos candidatos ao perfil da praza". Nos criterios publicados pola comisión, recollidos pola reclamante no seu escrito, indicábase que "Dentro do marco establecido pola *Normativa* pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de goberno de 30 de abril de 2014), os méritos aducidos dentro da área de coñecemento de Filoloxía Inglesa terán unha valoración do 100% cando se correspondan co perfil da praza e do 50% cando non se correspondan co citado perfil. No mesmo marco normativo, os méritos aducidos no ámbito doutras áreas de coñecemento terán unha valoración máxima do 20%". A comisión aplicou este criterio nos bloques III e IV, aqueles onde o baremo da *Normativa* marca explícitamente a posibilidade de establecer unha puntuación ponderada en función de diversos criterios (afinidade, número de autores/as, etc.) e fíxoo, como non podía ser doutra forma, de igual maneira para os méritos alegados por todas as candidatas.

3. En relación coa **alegación quinta**, a comisión quere facer constar que a praza 21/15028 foi convocada na área de Filoloxía Inglesa con docencia en materias específicas (662G01006 Idioma Moderno: Inglés; 662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés e 662G01045 Inglés no Entorno Profesional). Os códigos numéricos identifican a súa pertenza a unha titulación concreta da UDC, o grao en Turismo, e vinculan o perfil da praza á definición das materias na memoria de verificación do título (accesíbel en https://www.udc.es/export/sites/udc/filo/_galeria_down/calidade/Memorias_de_verificacion/MemoriaFinal_2020.pdf_2063069294.pdf). Por isto, non é certo que a docencia vinculada á praza coincida coa da área de coñecemento, como sinala a reclamante: forma parte da área de coñecemento mais non se identifica con toda a docencia posíbel na área de coñecemento, como pode ser facilmente constatado nunha rápida revisión da docencia impartida pola área de coñecemento de Filoloxía Inglesa accesíbel para información pública, por exemplo, no POD aberto (https://matricula.udc.es/PODAberto/profesor_materia2.asp). Por último é de notar que a información relativa ao perfil da praza foi publicada na convocatoria e figura en toda a documentación asociada ao concurso.
4. Na **alegación sexta** a reclamante afirma que as materias do perfil da praza son "idénticas en diferentes titulaciones". Isto non é así: as materias 662G01006 Idioma Moderno: Inglés e 662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés están especificamente vinculadas ao ámbito do Turismo, como se pode comprobar na consulta da memoria de verificación enlazada no parágrafo anterior. A materia 662G01045 Inglés no Entorno Profesional, aínda que igualmente pertencente ao grao de Turismo, presenta uns contidos [*Comunicación intercultural y para hacer negocios internacionales. Estructura y organización de la empresa en inglés. Lenguaje al teléfono, reuniones y negociaciones en inglés. Habilidades de presentación oral en inglés*, segundo consta na p. 103 da memoria de verificación] non especificamente relacionados no papel co ámbito turístico, e si coa comunicación en inglés nun

Código Seguro De Verificación	k34piuQSOQcZJf+hDl0yJg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	08/02/2022 13:57:18	
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández	Asinado	08/02/2022 13:55:40	
Observacións		Páxina	3/5	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k34piuQSOQcZJf+hDl0yJg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Praza número: 21/15028
Número de prazas: 1
Categoría: Axudante Doutor/a
Dedicación: Tempo Completo
Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa
Departamento: Letras
Docencia: 662G01006 Idioma Moderno: Inglés
662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés
662G01045 Inglés no Entorno Profesional
Centro: Facultade de Turismo

entorno profesional xeral, razón pola cal a comisión acepta parcialmente a alegación da candidata.

5. Sobre a **alegación sétima**, relativa ao **bloque II.3 (Cursos de posgrao relevante para a praza)**, é procedente sinalar que o baremo valora especificamente a formación de posgrao. De todos os méritos presentados pola reclamante, só un curso é acreditadamente de especialización de posgrao ("Perspectivas metodolóxicas da investigación científica", de 20 horas), polo cal a comisión rectifica a súa puntuación a 0,06 puntos.
6. No relativo á **alegación oitava**, a comisión valorara co 100% a docencia no perfil da praza e co 50% a docencia na área mais non no perfil da praza e non considerara dentro do perfil as materias de Business English que agora, en estimación da alegación da reclamante, e tal e como vimos de expor no punto 4 do presente informe, pasa a baremar como pertencentes ao perfil. Resultado da rebaremación dos méritos, e unha vez aplicadas as ponderacións establecidas na Normativa en función de se tratar de docencia universitaria nun centro público ou nun centro adscrito, o resultado da baremación dos méritos alegados sección **III.1 (Docencia universitaria oficial)** é de 51,42 puntos, procedendo rectificar a puntuación anteriormente asignada.
7. No relativo á **alegación undécima**, relativa á sección **III.7 (Outros méritos docentes)**, a *Normativa* establece que os méritos valorados serán os seguintes: "Docencia regrada noutras institucións universitarias, teses de licenciatura, titorización DEA, materias/seminarios de libre elección non incluídas no plan de estudos, formar parte de grupos departamentais de calidade etc.". A comisión ratifícase na valoración concedida, de 0,07 puntos. De todos os méritos alegados pola reclamante, o único expresamente recollido na *Normativa* é a pertenza aos grupos departamentais de calidade, dos que formou parte durante 2 anos, polo cal a comisión entende que os méritos alegados foron adecuadamente valorados. O documento 88 expresamente mencionado pola candidata é a participación como titora nun grao de Publicidade e Relacións Internacionais dunha universidade privada, foi un mérito tido en conta e valorado globalmente.
8. En relación coa **alegación duodécima**, a comisión quere deixar constancia do seu malestar polo carácter improcedente dos diversos xuízos de valor realizados pola reclamante. Na participación en congresos (sección IV.1) foron valorados os méritos alegados de acordo co seu carácter nacional ou internacional, tal e como son definidos estes termos pola Normativa ("Enténdese por congreso internacional aquel organizado por unha asociación internacional e en que tanto o comité científico como o cadro de conferenciantes está formado por investigadores de, polo menos, tres países"). En aplicación do anterior, 12 das achegas son de carácter nacional e 2 internacionais, resultando do anterior unha puntuación de 1,8 e de 0,53 puntos, respectivamente que, en función do criterio de pertenza dos méritos á área de coñecemento mais non ao perfil da praza (50% da valoración), foron multiplicados por 0,75, co resultado de 1,73 puntos.
9. Na mesma **alegación duodécima** entra a discrepancia da reclamante sobre a

Código Seguro De Verificación	k34piuQSOQcZJf+hD10yJg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez		Asinado	08/02/2022 13:57:18
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández		Asinado	08/02/2022 13:55:40
Observacións			Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k34piuQSOQcZJf+hD10yJg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Praza número: 21/15028

Número de prazas: 1

Categoría: Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Docencia: 662G01006 Idioma Moderno: Inglés

662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés

662G01045 Inglés no Entorno Profesional

Centro: Facultade de Turismo

baremación de libros e capítulos de libros (sección IV.4 do baremo). Os méritos aducidos foron valorados de acordo co establecido polo citado baremo ("Respecto dos libros e capítulos de libros, como criterios de calidade teranse en conta o número de citas, o prestixio da editorial, os editores, a colección en que se publica a obra, as recensións nas revistas científicas especializadas e as traducións a outras linguas. Valoraranse os libros que teñan ISBN e que se publiquen en editoriais especializadas de recoñecido prestixio en que se poida garantir un rigoroso proceso de selección e avaliación dos orixinais.") coa aplicación de criterios de ponderación segundo o número de autores/as, os indicios de calidade e a adecuación ao perfil da praza. Dado que todos os méritos eran na área de coñecemento mais non no perfil da praza, foi aplicado o criterio da puntuación máxima do 50%, isto é, o 2,25 resultante no cómputo realizado pola candidata foi ponderado a 1,13 puntos.

En suma, a comisión estima que procede modificar a puntuación acadada no punto II.3, pasando a ser de 0,06 e no III.1 pasando a ser de 51,42 puntos. Nos restantes puntos obxecto da reclamación presentada, a Comisión ratifica as puntuacións anteriores.

Na Coruña, a 7 de febreiro de 2022.

Vº. e Pr.

O presidente,

O secretario,

Código Seguro De Verificación	k34piuQSOQcZJf+hD10yjg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	08/02/2022 13:57:18
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández	Asinado	08/02/2022 13:55:40
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k34piuQSOQcZJf+hD10yjg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



PUNTUACIONES OTORGADAS AOS CONCURSANTES


Categoría de plaza		AJUDANTE DOCTORA																													
Indique o leure de concursos DPT/BBE		Borax I							Borax II							Borax III							Borax IV								
Concurso		1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6
Facultade de Turismo	74,24	4,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Ciencias	71,60	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Saúde	84,40	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Enxeñaría	69,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Puntuación normalizada		Borax I							Borax II							Borax III							Borax IV								
Concurso		1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6
Facultade de Turismo	74,24	4,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Ciencias	71,60	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Saúde	84,40	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Enxeñaría	69,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Puntuación total ponderada		Borax I							Borax II							Borax III							Borax IV								
Concurso		1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6
Facultade de Turismo	17,24	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Ciencias	15,36	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Saúde	19,96	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facultade de Enxeñaría	15,44	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: Q38A3HP73KF9N0MHEM4KHKRU
 Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 17/02/2022 14:51:08 Página 8 de un total de 9 página(s).

Código Seguro De Verificación	Rt9540Z7758t5TuvkSp0vA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	08/02/2022 13:57:15
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández	Asinado	08/02/2022 13:55:37
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Rt9540Z7758t5TuvkSp0vA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Praza número: 21/15028

Número de prazas: 1

Categoría: Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Docencia: 662G01006 Idioma Moderno: Inglés

662G01015 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés

662G01045 Inglés no Entorno Profesional

Centro: Facultade de Turismo

PROPOSTA DA COMISIÓN

Despois de se reunir para informar sobre as reclamacións presentadas á proposta inicial de asignación da praza do concurso que arriba se indica, a comisión que se designou para o efecto, segundo a acta que se acompaña, e para cumprir o establecido no punto 8.2 da Normativa pola que se regula o procedemento de selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aprobou por acordo do Consello de Goberno na sesión do 30 de abril de 2014, acorda por **X UNANIMIDADE / MAIORÍA** facer a seguinte nova proposta de asignación da praza, pola orde de prioridade que se indica:

Nº. de orde	APELIDOS/Nome	Puntuación
1	Montoya Reyes, Ana	37,16
2	Fernández Pena, Yolanda	36,52
3	Lastres López, Cristina	32,45
4	Pérez Casal, Inmaculada	22,89
5		
6		
7		
8		
9		
10		

DILIXENCIA: Para facer constar que esta proposta se publicou no taboleiro de anuncios da Facultade de Turismo o día 9 de febreiro ás 13 horas

O SECRETARIO

A Coruña, 9 de febreiro de 2022

Vº. e Pr.
O presidente,

O secretario,

Código Seguro De Verificación	1wk0iZHkP2yaRZY3rXQQvg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez		Asinado	09/02/2022 16:50:12
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández		Asinado	09/02/2022 16:48:06
Observacións			Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1wk0iZHkP2yaRZY3rXQQvg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

